

O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE.

INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES DAS TEORÍAS DO CONTRATO SOCIAL (CONTRACTUALISMO)

a) **Grecia:** No período antropolóxico do mundo grego **os sofistas separaron a ética da política**. Ao seren **relativistas morais**, consideraban que **non existen definicións absolutas** dos conceptos morais coma o ben e a xustiza, por iso a súa función limitábase a ensinar **retórica** para que os fillos dos nobres atenienses triunfasen en política. Esta é a razón de que **contrapuxesen “physis” e “nomos”** (natureza e convención) e pensaran que as **leis xurídicas da democracia son simples “convencións”** (a sociedade é convencional). Polo tanto, **para os sofistas a sociedade é algo “convencional”, un “acordo” e esta liña de pensamento enlaza coas teorías contractualistas modernas: Hobbes, Locke e Rousseau**

Por contra, **Sócrates, Platón e Aristóteles consideran que o home é un ser social por natureza: a sociedade é algo “natural” e non “convencional”**.

B) **Época moderna:** Implántase na Francia de Luis XIV a **monarquías absolutas de dereito divino**, que se estende por Europa coa denominación de **antigo réxime**: polo tanto **o poder político dos monarcas absolutos ten o seu fundamento aínda en Deus**, sendo esta unha reminiscencia da Idade Media.

Pero ao mesmo tempo na época moderna (o barroco) os **problemas filosóficos** comezan paulatinamente a ser tratados dende o **punto de vista racional**, como se ve por exemplo no nacemento da ciencia moderna, na **filosofía racionalista e tamén na política**. Así **primeiro en Inglaterra (S. XVII) e logo en Francia (S. XVIII: Ilustración)**, producírase un **cambio na concepción política**: de unha concepción que ve o poder político como un **dereito divino** pásase a outra que o considera un **“acordo, pacto ou contrato”** convencional baseado na razón (por **nomos**, como dicían os Sofistas) **baseado no “dereito natural” (iusnaturalismo)**.

Aparecen así **teorías políticas clásicas que intentan explicar a orixe do Estado**, non como algo procedente de Deus, senón **como algo apoiado na razón humana e no dereito natural**. Estas serán as **teorías políticas do contrato social**, segundo as cales **o Estado e o poder son froito de un pacto ou contrato (nomos)** entre todos os membros racionais e libres que forman a comunidade. Este cambio na explicación do poder do Estado prodúcese **primeiro en Inglaterra** no século XVII (Hobbes e Locke) e **despois na Francia** do século XVIII, na Ilustración (Rousseau).

CONTEXTO POLÍTICO DA INGLATERRA DO SÉCULO XVII

Mentres que no continente as monarquías absolutas se ían facendo máis fortes e poderosas, en Inglaterra aparecen **tendencias antiabsolutistas ou liberais**, que logo no século XVIII (Ilustración) se estenderon ao resto de Europa. O auxe da **clase burguesa**, debido ao incremento comercial, fixo que esta **reivindicara os seus dereitos** farta xa dos privilexios dos nobres e **apoian a un Parlamento** que reclamaba máis influencia e autoridade **fronte ao absolutismo monárquico dos Estuardo**. Así **Inglaterra convertese na pioneira do liberalismo europeo**.

PRIMEIRA METADE DO SÉCULO: O dominio da monarquía dos **Estuardo** comezou con **Xaime I** de Inglaterra (1603-1625), fillo de María I de Escocia. Durante este período **comezou a oposición parlamentaria** integrada pola burguesía e a nobreza campesiña **contra a monarquía**

absoluta. A política do monarca sucesor, **Carlos I** (1625-1649), **agravou o distanciamento entre o Parlamento e a Monarquía.**

En 1628 cando o Parlamento presentou a **Bill of Rights** (petición de dereitos) na que se pretendía protección contra as detencións e execucións arbitrarias, sen embargo o **rei fixo unha demostración de forza ao abolir o Parlamento e perseguir aos seus partidarios**; neste período **Tomas Hobbes tomou partido decididamente a favor do rei**, polo que se viu obrigado a fuxir de Inglaterra (1640) e **exiliarse en París** cando a situación empeorou para o monarca. En 1642 estes feitos **provocaron a Guerra Civil en 1642** na que os puritanos guiados por **Oliver Cromwell** e os seus “ironsides” encabezaron a **oposición ao rei Carlos I**, acabando a guerra en 1649 coa **decapitación do rei Carlos (1649)** e a **proclamación da República (Commonwealth)**, anque esta se converteu nunha **ditadura persoal na que Cromwell mantiña o poder absoluto.**

SEGUNDA METADE DO SÉCULO: En 1652, a pesares da execución de Carlos I, **Hobbes regresou a Inglaterra** fixo as paces coa Commonwealth en 1652 e instalouse na casa da familia do duque de Devonschire.

En 1660, dous anos despois da morte de Cromwell, a República cambaleábase irremediabilmente, polo que houbo que **restaurar a monarquía absoluta dos Estuardo con Carlos II, de quen Hobbes fora mestre** cando era aínda o príncipe de Gales durante o exilio do monarca en Francia quen, despois da restauración, lle outorgou unha pensión a Hobbes. Pero **as tensións** entre as tendencias absolutistas e as parlamentaristas **continuáronse** producindo, incluso con maior intensidade.

Entrementres, en 1668, **John Locke** entrou ao servizo de Lord Ashley, máis tarde **conde de Shaftesbury**, que se convertería en Lord Canciller en 1672 e **nomeou a Locke secretario**, sendo designado máis tarde secretario do “Consello de Comercio e Agricultura”. **A amizade e colaboración co conde de Shaftesbury abriulle as portas aos ambientes sociais, políticos e intelectuais máis prestixiosos** de Inglaterra, pero esta mesma amizade que tantos beneficios lle reportou **tamén lle ocasionou prexuízos cando Lord Ashley caeu en desgracia debido ás súas ideas políticas opostas ao absolutismo e a favor do parlamento.** Lord Ashlet viuse complicado nunha **conxura urdida contra** o aínda duque de York e futuro rei de Inglaterra **Xaime II**. Razón pola que **Locke**, crendo ameazada a súa seguridade **fuxiu a Holanda**, por estar **na lista de proscritos a causa da rebelión de Monmouth**, despois da morte de Carlos II en 1685. Neste exilio Locke **viviou baixo nome suposto.**

As tendencias parlamentarias firmemente opostas ós Estuardo, **obligou a Xaime II de Inglaterra, entón duque de York, a exiliarse en Holanda onde morreu en 1683**, mentres que **os liberais protestantes chamaban a Guillerme III de Orange**, un **holandés educado nun ambiente liberal**, para que ocupase o seu lugar no trono. **Locke** estaba ao corrente dos proxectos tendentes a colocar no trono de Inglaterra a Guillerme de Orange, así que pouco despois da chegada deste monarca **retornou a Inglaterra.** A chegada deste monarca é coñecida como **“A Revolución Gloriosa de 1688”**, xa que supuxo un **xiro total da situación política** e unha das poucas que non comportaron derramamento de sangue.

A Gloriosa Revolución tivo como efecto o **paso dunha monarquía absoluta a outra parlamentaria e constitucional.** A **Declaration of Rights** de 1689 (Declaración de dereitos) establece a **superioridade das leis por encima da vontade do rei**, é dicir, o triunfo da **liberdade individual**, da **propiedade privada**, da **liberdade de imprenta**, e da **división de poderes.** Veremos que a obra política de **Locke** pretende xustificar o **liberalismo da monarquía parlamentaria ou**

constitucional. Despois da Gloriosa Revolución, Inglaterra converteuse na primeira potencia comercial e capitalista do mundo.

En conclusión: inmersos moi de preto neste contexto histórico inglés sitúanse, por tanto, as **obras políticas tanto de Hobbes coma de Locke.** O primeiro foi un defensor da monarquía absoluta dos Estuardo en Inglaterra, mentres que o segundo foi partidario do Parlamento e do liberalismo político que triunfou coa Gloriosa Revolución de 1688. Todo isto ocorría na Inglaterra do século XVII. Por outra banda, un século máis tarde, na Ilustración, o francés J.J. Rousseau establecerá unha nova teoría contractualista que será a base da democracia moderna.

Os modelos políticos aos que apunta cada un destes autores é moi diferente: así o **modelo de Hobbes** conduce a xustificar as monarquías absolutas, fronte ao de Locke que leva ao liberalismo e o de Rousseau que é base da socialdemocracia.

1.- O CONTRACTUALISMO DE THOMAS HOBBS (1588-1679):

De todas as súas **obras a máis importante** foi “Leviatán, ou a materia, a forma e o poder dun Estado eclesiástico e civil” (1651).

A súa **concepción política** significa un xiro da perspectiva tradicional: o poder non ten unha orixe divina, senón que provén da vontade dos homes. Este xiro é debido á súa nova **concepción do home**: os seres humanos **non nacen diferentes** e predeterminados para levar a cabo labores diferentes en función das súas aptitudes tamén diferentes (como na Idade Media: dirixentes, nobres e servos), senón que os seres humanos son **esencialmente iguais ou mellor dito todos temos similares posibilidades de conseguir os seus obxectivos**: os que están menos dotados de **astucia** conségueno pola **forza** e viceversa. Esta igualdade xunto co egoísmo humano faille pensar a Hobbes que a vida sen unha autoridade firme e temida (un Leviatán) sería un auténtico inferno. Así, baixo a influencia do **mecanicismo** dominante na ciencia, Hobbes concibe o **Estado como unha gran máquina**, e polo tanto como unha construción **artificial** froito dun **contrato ou acordo tácito**. Segundo este autor os homes orixinariamente viviron fóra de toda sociedade nun **hipotético “estado de natureza”** que é a **“guerra de todos contra todos”** sendo o home “un lobo para o home” (homo homini lupus), como afirma na súa obra mestra “O Leviathan”.

A) O estado de natureza: neste estado os individuos gozarían de unha **liberdade ilimitada** na que **non existirían leis nin dereitos** positivos, e realidade **todos terían dereito a todo ou o que é o mesmo: a nada**, pois cada un perseguiría o seu propio **interese egoísta** buscando: autoconservación, seguridade e comodidade. Nesta situación de liberdade ilimitada os homes terían aproximadamente iguais dotes naturais e facultades mentais o que provocaría unha **competencia xeralizada** para acadar os bens limitados existentes. O **resultado desta loita** sería unha vida “solitaria, infeliz, repugnante, brutal e breve”.

B) O pacto social: para escapar desta situación de penosa anarquía e a prol da súa propia conservación e benestar utilitarista todos **os seres humanos estarían racionalmente dispostos a limitar a súa liberdade fundando a sociedade nun “contrato social”** a condición de que os demais o fagan tamén. Para que se produza un contrato deste tipo **é preciso un poder coactivo** que obrigue a todos por igual **por temor a un castigo maior** có potencial beneficio do incumprimento. Tal poder coactivo **é o Estado (a sociedade): un verdadeiro Leviatán** ao que os cidadáns lle conceden o dereito a gobernar. Unha vez que os cidadáns **por consenso de todos ceden a liberdade ilimitada ao Estado, este poder será xa necesariamente irrevogable**, coa fin de asegurarse de

que sexa imposible que algún contratante intente recuperar os dereitos alienados ou transferidos. Así o **“estado absoluto” (monarquía absoluta)** ten un **poder inalienable e indivisible** e a súa misión consiste en **protexer os individuos e velar pola paz civil**. A obriga de obedecelo por parte da sociedade **só cesaría se o Estado fose incapaz de tal protección** por carecer da forza coactiva necesaria.

c) Conclusión: o contrato social de Hobbes é **puramente individualista** porque o estado **serve ao autointerese dos individuos**. E apoíase nos seguintes supostos:

- Toda persoa se move por **intereses egoístas**
- As persoas son **basicamente iguais** por natureza e non son capaces de sobrepoñerse totalmente unhas a outras
- O **estado natural é de guerra de todos contra todos** e tería consecuencias desastrosas para todos
- Só unha **autoridade estatal absoluta** e quen de asegurar a paz: **un monarca absoluto: Leviathan**.
- Polo tanto, **defende a monarquía absoluta dos Estuardo** en Inglaterra.

2.-O CONTRACTUALISMO DE LOCKE

VIDA:

Naceu en 1632 en Wrington, preto de Bristol. Fillo de un home de leis, viviu nun **ambiente crítico e pouco conservador** que influíu na súa educación. Na universidade de Oxford **estudou filosofía e tamén ciencias naturais** como física, química ou medicina. Como xa vimos na introdución histórica, estivo ao **servizo de Lord Ashley e a favor do parlamento liberal e contra a monarquía absoluta**, ao contrario que Hobbes. A obra política máis importante de Locke foi **“Ensaio sobre o goberno civil”**, que pode interpretarse como unha **xustificación do liberalismo xurdido coa Gloriosa Revolución de 1688**.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA SÚA FILOSOFÍA

Locke considérase o **fundador da corrente empirista moderna inglesa**, continuada por **Berkely Hume**.

2.1.- TEORÍA DO COÑECEMENTO: EMPIRISMO

Locke cre que non se pode **avanzar na ciencia** e no coñecemento humano, se antes non **establecemos claramente cales son as posibilidades do coñecemento humano**; isto faino na súa obra mestra **“Ensaio sobre o entendemento humano”**. Nesta obra **critica as ideas innatas de Descartes**, non hai ningunha idea que sexa anterior á experiencia, cando nacemos a **mente é un “white paper”**, un papel en branco ou táboa rasa que pouco a pouco se vai enchendo coa información da experiencia. Toda idea da nosa mente provén da experiencia. Estas **ideas** poden ser:

- a) **Simples:** as que non se poden dividir en partes e que proveñen ou ben da **sensación** ou experiencia externa (ex. A idea de cor encarnada), ou ben proveñen da **reflexión** ou experiencia interna (ex. O desexo de verte)
- b) **Complexas:** son froito da labor de **combinación e unión de ideas simples** que realiza o entendemento

Crítica da idea de sustancia: segundo Locke é unha **idea complexa**. Na idea de sustancia o entendemento **agrupa as calidades ou ideas simples que adoitamos percibir xuntas**. Por exemplo, cando dicimos que unha laranxa é unha sustancia, o que fai o noso entendemento é agrupar o gusto ácido que acompaña á sensación carnosa e acuosa da polpa como se estas dúas ideas simples proviñeran dunha mesma cousa: a laranxa. Pero, segundo Locke, **adoitamos dar un**

paso máis e consideramos a idea de sustancia (laranxa) **non soamente como un conxunto de sensacións** que normalmente se producen xuntas, senón que a entendemos **como unha realidade material que funciona como soporte destas sensacións**. Pero en realidade, nós só temos sensacións xuntas, calidades ou accidentes: cor, sabor, textura, olor etc. da laranxa, pero se eliminamos estas calidades ou accidentes ¿que queda da laranxa como sustrato?: segundo Locke **non coñecemos a sustancia**, como el di **“a sustancia é un non sei que”**. Debe haber algo no mundo que provoca en nós estas sensacións, pero non sabemos o que é, non podemos coñecelo.

2.2.- O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE (TEXTO SELECTIVIDADE)

A) O estado de natureza: a diferenza de Hobbes, Locke considera que **no “estado de natureza” os seres humanos teñen uns “dereitos naturais” (iusnaturalismo)** así coma deberes correlativos que limitan o seu comportamento recíproco. Estes dereitos son fundamentalmente: o **dereito á vida**, á **integridade física**, o **dereito á liberdade** e o **dereito á propiedade dos produtos do propio traballo**, que implica o **dereito á propiedade dos recursos naturais** a partir dos cales se extraen eses produtos mediante o traballo. Tales **dereitos son concibidos de xeito puramente negativo**, é dicir, como prohibicións de que os demais impidan a posibilidade de gozar deles: **“ninguén pode causar dano á vida e a propiedade, á saúde e á liberdade dos demais, xa que todos son iguais e independentes”**.

O dereito máis importante é o dereito a propiedade dos produtos e da terra e isto implica tamén o dereito a defendela mediante as armas. Pero o dereito á propiedade non pode ser un privilexio exclusivo de ninguén que exclúa aos demais sobre o medio natural e os froitos deste. A **dificultade de conciliar o dereito orixinalmente igual de todos aos recursos naturais** que non son multiplicables co **dereito de propiedade en exclusiva** dos mesmos, obriga a Locke a **introducir unha matización importante e artificiosa: a apropiación orixinaria de bens naturais será lexítima sempre que quede unha cantidade dos mesmos suficiente, e de igual calidade, que permita tamén aos demais apropiarse deles**. Locke cría que isto é o que realmente ocorría de feito, dado que nalgunha parte do mundo –**EEUU de América**– aínda había terras sen cultivar e outros recursos naturais sen explotar dos que un podería apropiarse se quixese. **Co libro de Locke “debaixo do brazo” foi como se fundaron os EEUU de América**

b) O contrato social: No “estado de natureza” existen pois todos estes dereitos, **pero nel a paz social é precaria e a convivencia está chea de inseguridades e inconvenientes por faltar un poder superior** aos individuos que **garanta e protexa os “dereitos naturais”, sobre todo o dereito á propiedade e a defendela coas armas**. Para superar estes inconvenientes é razoable que os **individuos acorden mediante o “contrato social” establecer un Estado que garanta e protexa os dereitos naturais a custa dunha certa limitación da súa liberdade natural, pero só na medida que sexa necesario para protexer eficazmente eses dereitos**: un “Estado Mínimo” cuxas **funcións sexan só a protección dos “dereitos naturais” sen intervir na economía**. Estas **funcións** do “estado mínimo” serían a **defensa externa (exército) e interna (Sheriff, policía) e xuíces para dirimir os conflitos entre cidadáns**. Non é de extrañar que as **películas americanas** teñan tan poucas temáticas: defensa externa (películas de guerra), defensa interna (Sheriff perseguindo aos ladrón ou policías e ladróns) ou ben xuízos (películas de xuízos). Tampouco é de extrañar que o estado americano non poida prohibir o **uso de armas de fogo**: é un “dereito natural”: defensa da túa propiedade privada (defensa propia). Incluso tampouco sorprende moito que Donald Trump trate de reducir ao máximo os funcionarios do estado: “estado mínimo”. Constrúa un **muro na fronteira con Méjico** ou a súa máxima sexa **“América first!”**. Todo isto, claro está, **se supoñemos que os sudamericanos son unha “ameaza” externa**. Pero resulta que o liberalismo político de Locke tivo

a súa continuación no **“liberlismo económico” de Adam Smith** (“a man invisible” xa reparte o traballo para equilibrar desigualdades): isto significou eliminar aranceles que protexan a economía de cada estado. **Pero na economía Trump non é liberal**: hai que introducir aranceles para protexer a economía americana: o estado intervén na economía.

Polo tanto, as **competencias** deste **“Estado mínimo de Locke”** quedan limitadas á **protección e defensa dos “dereitos naturais” (iusnaturalismo)** dos individuos, **arbitraje de conflitos (poder xudicial)**, imposición de **sancións (poder executivo)**. A este **“Estado árbitro”** concédeselle o **monopolio da coacción pero só a mínima indispensable** para protexer os dereitos e liberdades naturais (tampouco isto ocorre nos EEUU cos negros: a violencia da policía non é a mínima). **Este Estado sería unha representación do pobo**, e por tanto **revogable**. Locke establece en Inglaterra antes que Montesquieu en Francia a **división de poderes: lexislativo, xudicial e federativo (e non lexislativo, executivo e xudicial coma Montesquieu en Francia)**. Coa súa teoría política **pretende fundamentar o Estado liberal clásico** en consonancia co contexto histórico e político no que se formula: a **“Gloriosa revolución” inglesa de 1688**.

En resumo: Este sería un **“contrato social liberal”** que se asenta nos seguintes supostos:

- Os individuos xa están dotados de **“dereitos naturais” (iusnaturalismo)** e **deberes xa dende o “estado de natureza”** e antes de fundar o **“contrato social”**, pero o seu gozo é incerto.
- O **contrato social limitarase a garantir os dereitos** previos dos individuos
- Os **dereitos** dos individuos enténdense **dun xeito puramente negativo**, como prohibicións
- O **dereito a “propiedade privada”** sobre os recursos naturais, sobre todo **á terra e a súa defensa coas armas**, que non é multiplicable, **presenta problemas** que obrigan a **matizacións artificiosas**.

3) O CONTRACTUALISMO DE J.J. ROUSSEAU

Jean-Jacques Rousseau (1712-17789 nace en Xenebra, pero pasou a maior parte da súa vida en Francia). Colaborou na **redacción da Enciclopedia** cos filósofos ilustrados, pero **axiña se distanciou deles, porque mentres estes tiñan unha fe ilimitada na razón humana, el víaa como unha das causas da corrupción humana**. A **personalidade** de Rousseau era **complexa**, atormentada e **contraditoria**: enfrontouse ao racionalismo dos ilustrados, sendo el mesmo un enciclopedista ilustrado, fixo unha excelente investigación acerca da educación dos nenos (na obra “O Emilio”), pero deixou aos seus nun hospicio, frecuentaba salóns das damas de alta sociedade, pero casou cunha serventa analfabeta etc.

A) O estado de natureza: contrariamente a Hobbes, para Rousseau **os humanos no “estado de natureza” son bos e felices na súa inocencia**. Foi precisamente coa **aparición da civilización e da sociedade cando se creou a propiedade privada** e con ela a **competencia e a desigualdade social facendo aos humanos egoístas e infelices**. Sen embargo, este **“estado de natureza”** é en Rousseau claramente **“hipotético”**, teórico pois como el di **“non existe, tal vez non existiu, e probablemente nunca existirá”**; pero unha **“utopía” así é necesaria para xulgar o estado actual da sociedade e abordar a súa reforma**. Polo tanto, **Rousseau non propón unha volta ao suposto estado de natureza, senón reformar a sociedade para acercarse a esa utopía**. Pois este primitivo estado “non pode xa subsistir” porque as dificultades e as catástrofes naturais obrigan aos homes a xuntar as súas forzas e unirse en sociedade.

B) O contrato social: o contrato mediante o que se funda a sociedade debe partir dunha situación na que os individuos renuncien (ou polo menos poñan entre paréntese) ás súas diferencias particulares egoístas para poder guiarse exclusivamente por intereses xerais. Tal contrato representa unha “vontade xeral” e non unha simple coincidencia de intereses egoístas particulares coma no caso de Hobbes e Locke. Esta “vontade xeral” non implica que o individuo teña que ceder a súa liberdade, senón que cando cada individuo obedece as leis “non deixaría de ser tan libre coma antes” pois en realidade “só se estaría obedecendo a si mesmo” (influencia na ética de Kant).

c) Conclusión: a consecuencia desta **teoría política** é a **“soberanía popular”** proclamada na Revolución Francesa e fundamento da **socialdemocracia** (República e non monarquía: coa guillotina cortaron a cabeza da monarquía absoluta: dende entón só hai repúblicas en Francia). O **poder político supremo** sería o **poder lexislativo** e expresa a “vontade xeral” que reside no pobo; unicamente cabe delegar o poder executivo nunha ou varias persoas. O contrato de Rousseau **non é un contrato individualista** coma o de Hobbes e Locke, senón un **contrato universalista que influirá moito na ética de Kant**.

En resumo: Apoia-se nos seguintes supostos:

- No **estado de natureza** os seres humanos serían “bos e felices” pero as **dificultades de supervivencia** obrigaríanos a abandonalo.
- Un **contrato lexítimo** ten que establecerse **dende unha “situación de igualdade”**
- O contrato debe **rescatar a natureza bondadosa e cooperativa** dos homes
- A **renuncia ás posicións vantaxosas** que xa teñen é complicada e funciona máis ben como un **ideal regulativo** (Kant) para a crítica de calquera sociedade existente.

CONCLUSIÓNS PARA LOKE

1) CONTROVERSIA ENTRE IUSNATURALISMO E POSITIVISMO XURÍDICO

A) IUSNATURALISMO: durante amplos períodos da Historia considerouse que **“o dereito positivo”** (códigos legais dun país) **lexitímase gracias a unha orde anterior ás convencións humanas, gracias a unha “lei natural” (dereito natural)**. Segundo este enfoque, o único auténtico e verdadeiro dereito é o **“dereito natural” suprahistórico, universal e inmutable que é anterior a calquera “dereito positivo”** (este sería convencional: códigos legais concretos de cada país). Así esta liña de pensamento afirma que **o “dereito positivo” só será lexítimo se é acorde con e se deriva do “dereito natural”**.

Esta idea de que hai unha “lei natural” anterior ás convencións humanas ten **antecedentes xa en GRECIA:**

A) “O logos universal de Heráclito: O concepto de “lei natural” ten a súa orixe remota no concepto de “logos universal” de Heráclito.

B) Os sofistas: Despois no período antropolóxico os sofistas crían que a sociedade é algo convencional (por nomos) e non natural (por physis), pero os sofistas de segunda xeración coma Calicles e Trasímaco crían que as leis da democracia ateniense eran contrarias a natureza humana que se rexe por unha lei natural: egoísmo e dominio do máis forte (como ocorre no neno e nos animais).

C) Anque Platón e Aristóteles cren que a sociedade é algo natural (por physis) e non convencional por nomos), sen embargo, contribuírán á elaboración do **“iusnaturalismo teolóxico medieval de Tomé de Aquino”**.

ÉPOCA MEDIEVAL: Para **Tomé de Aquino** a “lei natural” pasa agora a fundamentarse na “lei divina”. Segundo **Tomé**, a “lei natural” fundamentase na “lei eterna ou divina”, e o “dereito positivo” só pode ser unha concreción da “lei natural”.

ÉPOCA MODERNA

A partires do século XVI, o iusnaturalismo medieval de fundamentación teolóxica entra en crise debido á ruptura da unidade relixiosa (protestantismo) xunto coas guerras relixiosas. No século XVII coa aparición da nova ciencia introdúcese tamén un concepto de “natureza” como un conxunto de relacións dentro da “materia” e alleas a calquera valor. **A partir deste momento aparece propiamente o “iusnaturalismo racionalista moderno”, cuxo único fundamento non é xa a lei divina, senón a razón humana, instancia inmutable e común a todos os homes. A lei natural é agora lei racional.** Os defensores do iusnaturalismo moderno son **Hugo Grocio, S. Pufendorf, Thomas Hobbes, John Locke, Rousseau, Kant**. Kant é a figura mais sobresaínte e afirma que **o “dereito positivo” dos pobos debe estar fundamentado nun “dereito a priori” recoñecible pola razón do ser humano (dignidade do home): o dereito fundamentase na moral.**

Así na época contemporánea os idearios das constitucións e as Declaracións de Dereitos trasladan estas ideas morais ó “dereito positivo”, positivizando así o dereito natural moderno.

ÉPOCA CONTEMPORÁNEA:

Durante o século XIX co **auxe do “historicismo”** ponse en dúbida a validez atemporal da razón, e así **ábrese paso ao “positivismo xurídico”**.

B) POSITIVISMO XURÍDICO: (Séculos XIX-XX): afirma que **o único dereito é o “dereito positivo”** (códigos legais de cada país), é dicir, o establecido como vixente por unha determinada sociedade (convención). Por tanto, o positivismo xurídico afirma que **a lexitimación das leis non está baseada nun dereito suprapositivo anterior (ética).** A cuestión da validez ou non validez das leis é unha cuestión interna ao propio dereito e non hai unha instancia superior, coma a moral, pola que deban guiarse as leis. Será válida calquera lei creada conforme ós procedementos establecidos en outras normas e, en última instancia, é a **constitución do país a que fundamenta todas as demais leis positivas**. Por tanto, o positivismo xurídico **rexeita a noción de “dereito natural”** pois non acepta que exista unha “natureza humana” universal e inmutable como afirmaba a Antropoloxía e a Filosofía Moderna.

Despois da 2ª Guerra Mundial, a partires dos anos 50 entra en **crise**, pois o “dereito positivo” **puido ter prestado cobertura ás actuacións políticas do Nazismo (xuízos de Nürenberg).** Isto xerou unha nova polémica acerca de **onde reside a lexitimación do dereito.**

Hoxe en día moitos teóricos cren que **o dereito é independente dos valores morais**. Pero hai tamén **outros autores como N. Bobbio ou H.L. Hart** consideran que debe poder someterse a crítica a totalidade dun aparato xurídico contrastando o dereito que de feito se da na realidade co que “debería” haber. **É dicir, o dereito debe valorarse á luz do concepto (moral) de xustiza.**

2) **CRÍTICA DE MARX:** Precisamente Marx, no século XIX **criticará a idea de propiedade privada**, centrándose máis ben no **liberalismo económico inglés de Adam Smith**, quen falaba de que **o Estado non debe intervenir na economía**, pois todo problema económico acaba solucionándose de seu **gracias a unha “man invisible”** como el di que reparte o traballo para

equilibrar desigualdades. Nos tempos de Marx a Revolución industrial fixo que unha clase social propietaria dos medios de produción (Burguesía) explotase a outra clase social sen ningún acceso á propiedade privada dos medios de produción nas fábricas (Proletariado). **Marx dirá que a culpa da “explotación” do proletariado por parte da burguesía, que sempre se dá no sistema capitalista, tenna sempre a “propiedade privada”** (algo parecido ao que dixo Rousseau), por iso a única posibilidade de **eliminar a explotación será eliminar a “propiedade privada”**, e con ela **desaparecerán as clases sociais**, sendo nesta sociedade a **propiedade algo “ común”**, a este sistema político Marx chamoulle **socialismo ou sociedade “ comunista”** (fronte a Platón que defende unha sociedade dividida en clases sociais).

TEXTO DE SELECTIVIDADE DE LOCKE

LOCKE LOCKE (texto 1) Ensaio sobre o goberno civil, Cap. 7, § 89 y §90 § 89.

Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo dela a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [commonwealth], o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin. E onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza. § 90. E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algún como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio.

LOCKE: Ensaio sobre o goberno civil, cap. 7: Da sociedade política ou civil.